



Título do programa: **Hoje vai de poesía**

Data da gravación	8/10/2020	Duración	1:59	Nº de programa	2
Locutores / as	<b>2º de Bacharelato</b> López Lourido, Elsa		<b>Alumnas de Radio Escolar no curso 2029/20</b> Iglesias Darriba, Mar López López, Carme Serantes Barreiro, Inés Marín Fernández, Mailén Villar Muiño, Noa		
Colaboración especial	Ana Sanmartín Castro (nai) - na intro / Irene Pérez Pérez (2º Bacharelato) - na reflexión final				

Técnicos / as	Pérez Pérez, Irene
Música	Interpretación de Beatriz Leonardo Labraña e Hugo Loureiro Prieto
Documentación	De Carvalho Calero. <i>Cantigas de amigo e outros poemas</i> . <a href="https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/ricardo-carvalho-calero/obra/3600/cantigas-de-amigo-e-outros-poemas">https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/ricardo-carvalho-calero/obra/3600/cantigas-de-amigo-e-outros-poemas</a>
Guión	<p><b>Elsa.</b>- Calquer lugar é bom para morrer. Nom se distingue o home da mulher. A morte é neutra —das Tod— em alemám. Género e sexo nom sempre vam da mam. Pois umha cousa é a anatomia e outra a gramática —falaz dicotomia. Nom vejo a morte feminista ser. Calquer lugar é bom para morrer.</p> <p><b>Coro.</b>- Calquer lugar é bom para morrer.</p> <p><b>Elsa.</b>- Donas do tempo pasado ou do actual, a morte a todas trata-vos igual que aos cavaleiros. Violenta, a história o di. Muitas mulheres morrerom assi. Em Rouen foi Joana d'Arco queimada; Antoinette em Paris guilhotinada; Em Chappaquiddick, Jo foi perecer.</p>

Em Chappaquiddick, Jo foi perecer.  
Calquer lugar é bom para morrer.

**Coro.**- Calquer lugar é bom para morrer.

**Elsa.**- Eis umha flor para o lume e o mar,  
a praça, o paço ou calquer lugar  
onde a mulher tenha o seu passamento.  
Erga-se a rosa sobre o moimento.  
Nesta matéria nom é discriminada.  
Inês ferida, Mariana agarrotada,  
Mary Jo sulagada, Jeanne a arder.  
Calquer lugar é bom para morrer.

**Coro.**- Calquer lugar é bom para morrer.

**Irene.**-Se isto fora un texto, sería un post scriptum. Pero non é un texto, é voz. Voz e palabra.  
Moito agardamos para que o Día das Letras Galegas se adicara a Carvalho Calero e despois de polémicas, desavenencias e esquecementos veu o 2020 para o seu recoñecemento.  
E co 2020 veu tamén unha pandemia que fixo que se adiara a celebración do 17 de maio.  
Quixeramos que este poema servira de homenaxe a un home que deu en falarnos de nós mesmos, como pobo e de falar da muller. Con este poema queremos poñer en valor esa particular visión de Carvalho.  
Porque *Calquer lugar é bo para morrer* e para vivir.  
Feliz Día das Letras Galegas nun outono que agardamos agrome como mil primaveras.

Enlaces	<a href="#">Ivoox - Hoje vai de poesía</a> <a href="#">Blog da Onda Discalza</a>
---------	---

Sempre se adoita pensar que Carvalho Calero é un grande escritor de ensaio e narrativa e mesmo teatro, pro foi unha grande descuberta para o alumnado a súa obra poética. Quixemos rendirlle homenaxe recitando un dos seus poemas e Elsa, que é quen pon a voz, escolleu xustamente *Calquer lugar é bom para morrer*, pola temática feminista que se recolle nas palabras, pola cercanía e pola claridade da mensaxe. Todas as participantes neste podcast son mulleres que queren reivindicar o dereito a estar vivas e ser iguais. O poema non podería estar mellor escollido.

Como se di na parte final do podcast, a nosa intención era reivindicar unha figura como a de Carvalho Calero, tan denostada en ocasións, polémica e mesmo rexeitada. Defendemos a diversidade en todos os espazos, mesmo no lingüístico e por iso, este poema.

Obxectivo	Dar a coñecer a obra poética de Carvalho Calero
Traballo de documentación	Lectura de escolmas do autor
Lugar de gravación e edición	Onda Discalza - Radio na biblio do IES Punta Candieira

Competencias clave

- Na selección das fontes de información: CCL / CSC / CCA / CMCCT / CCEC
- Na recollida de datos: CCL / CSD / CSIEE / CCEC
- Na posta en común: CCEC / CSC / CSIEE
- Na dramatización: CCL / CSC / CCEC
- Na gravación e difusión: CCEC / CSC